



Xuventude
onovas

Nº 61 - Maio 2015

O triunfo do teatro físico

Farsantes Teatro, gañadores do Xuventude Crea de teatro, explicánnos 'Vincent'



Iniciativa Xove sobre deseño 3D en Valga



Entrevista coa cantautora Sofía Espiñeira



Comeza o voluntariado 2015 nas Illas Atlánticas

XUNTA DE GALICIA




Máis de 2.000 xornadas de acción voluntaria a prol das Illas Atlánticas

- O Programa de voluntariado ambiental xa está activo, con preto de 400 participantes ata setembro

As actividades de voluntariado ambiental deste ano xa comezaron. Foi no **Parque Nacional das Illas Atlánticas**, en concreto na illa de Ons, con grupos de seis persoas voluntarias que interviron en quendas de cinco días, de luns a venres, durante este mes de maio. Ata setembro, o programa levará as súas accións ás Cíes, a Sálvora e a Cortegada. En total, participarán 376 mozos e mozas, maiores de 16 anos, que efectuarán unhas dúas mil xornadas de acción voluntaria.

A intención deste programa, que cada ano acada un considerable éxito, é que a sociedade poida participar activamente no coidado e na conservación do Parque Nacional, un dos refuxios da biodiversidade máis emblemáticos de Galicia. Á vez que axudan en tarefas de recuperación dos ecosistemas das illas, pasan uns días de desfrute no espazo natural.

Despois de Ons, nestes meses de xuño, xullo e agosto as actividades chegarán ás illas de Sálvora e Cortegada. Os voluntarios estarán organizados en grupos de oito persoas con xornadas diarias, sen pernoctar. Os



O coidado da riqueza ambiental do Parque Nacional é o cometido esencial das actividades de voluntariado

martes traballarán en Cortegada e os xoves en Sálvora.

A programación preparada inclúe a colaboración con técnicos do Parque Nacional en tarefas de oceanografía e recursos mariños, fauna, flora e biodiversidade. Cooperarán nos labores de erradicación de especies

foráneas e de reforestación con especies autóctonas, servirán de apoio para os guías de información, traballarán na adecuación de sinais indicativos e tamén axudarán na limpeza de praias e sistemas de dunas.

Nas illas Cíes, o voluntariado está previsto para os meses de xullo e de

agosto. Unha das colaboracións será dar apoio ás persoas con diversidade funcional que visitan o lugar, con acompañamento nas visitas guiadas a lugares de interese e nos momentos de ocio. Desenvolverase con quendas de sete días, con tres participantes en cada quenda.

Outra das accións previstas nas Cíes é un campo de traballo con catro quendas de doce días de duración cada unha. A súa capacidade máxima vai ser de 120 persoas, de entre 18 e 30 anos e de diferentes nacionalidades. Desenvolverán actividades ambientais mediante labores de mantemento da illa, vixilancia de incendios, traballos de información e sensibilización aos visitantes e determinadas intervencións puntuais de mellora no parque.

Para as actividades, os participantes teñen cuberta a manutención, o aloxamento, o material preciso para a programación e un seguro de accidentes e de responsabilidade civil. Obterán un certificado acreditativo da acción que realicen, que formará parte do Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia como experiencia.



Unha Iniciativa Xove para aprender a deseñar con todo o enxeño en Valga



- A Asociación Xuvenil 'A Eira' desenvolveu un curso para aprender a utilizar o software 'SolidWorks'
- O proxecto serviu para mellorar a formación e a empregabilidade dos participantes

Unha cunca, un interruptor, un parafuso ou unha botella. En calquera obxecto da nosa vida cotiá hai a miúdo un labor de deseño de horas e horas. E xa non digamos noutros produtos máis complexos que tamén nos facilitan a existencia.

Pero ese labor require, ademais de intelixencia e imaxinación, o manexo dunhas ferramentas para facelo o menos tedioso e o máis rápido, rigoroso e exacto posible. A informática acelerou moito esta actividade, con softwares da familia CAD como o **SolidWorks**, que facilita o modelado de pezas e a elaboración dos seus planos dun xeito bastante intuitivo e automatizado. Case como pasar a idea desde a mente ata a pantalla.

O coñecemento destas ferramentas é imprescindible en moitas pro-

fesións, especialmente as relacionadas coa enxeñería. E por iso, a asociación cultural e xuvenil 'A Eira', de



para levar os deseños á produción.

Coas tecnoloxías de impresión en tres dimensións cada vez máis presentes e ofrecendo aplicacións en todo tipo de ámbitos, a necesidade de profesionais que as saiban utilizar está en aumento. Por iso, os asistentes ao curso, impartido na aula de novas tecnoloxías de Valga, reforzaron as súas

riado.

Aos participantes, de entre dezaoito e trinta anos, o curso resultoulles útil para incrementar as

súas destrezas co programa, de maneira que ao remate puidesen modelar pezas e conxuntos e extraer planos e outra información precisa

opcións de atopar un posto de traballo.

O interese amosado polo curso encaixa cun dos principais propósitos da Iniciativa Xove, que non é outro que apoiar proxectos innovadores e formativos, xestionados pola propia mocidade e que favorezan as habilidades creativas e emprendedoras entre os mozos e mozas galegos.



Unha asociación nova capaz de implicar todas as xeracións

A EIRA

Asociación Cultural e Xuvenil

Nos seus pouco máis de seis anos de existencia, a Asociación Cultural e Xuvenil 'A Eira' converteuse nun dos colectivos máis recoñecibles de Valga. É unha asociación con moito protagonismo da xente nova, mais no desenvolvemento da súa actividade logra implicar persoas de todas as idades.

De feito, na súa carta de presentación afirman que traballan cunha "metodoloxía interdisciplinar e de forma interxeracional", xa que se propuxeron desde o principio "ser unha fiestra aberta a toda a sociedade". Obsérvase na súa programación, que dá cabida a propostas sociais, culturais e de lecer, sen esquecer proxectos de formación e emprego como o apoiado a través da Iniciativa Xove.

Como mostra, nos últimos meses organizaron xornadas relacionadas

coa saúde, nas que abordaron o trastorno de hiperactividade, a diábetes mellitus na idade infantil e a saúde bucal. E tamén colaboraron nun curso intensivo de iniciación á fotografía ou nos festivais de Nadal organizados no seu municipio.

'A Eira' creou tamén un grupo de baile, que está "formado por rapaces moi novos, pero con moito talento", tal como explican. E nos seus plans tampouco faltan as excursións, sobre todo a diversos puntos da provincia.

Non obstante, un dos ámbitos nos que máis destaca 'A Eira' é o da recuperación de elementos culturais e tradicionais, que en 2012 mereceu o premio ao proxecto cultural máis innovador e á iniciativa máis vangardista, concedido pola Deputación de Pontevedra.



iniciativa xove

A 'Incubadora de proxectos' chegou a máis de 3.500 persoas

Este mes de maio rematou a actividade da 'Incubadora de proxectos', que a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado levou durante varias semanas ás tres universidades galegas e a diversos concellos. En total, pasou por 85 facultades e por 35 entidades locais. Nestas 120 edicións, o programa logrou a participación de máis de 3.500 mozos e mozas de toda Galicia.

Todos eles terán máis doada, a partir de agora, a presentación de propostas para os programas de educación non formal, tendo en conta que a 'Incubadora de proxectos' difundiu información e ferramentas coas que deseñar, preparar e efectuar os proxectos cun nivel de calidade idóneo.

Os destinatarios desta acción foron animadores xuvenís, técnicos municipais, axentes para o desenvolvemento local e concelleiros de xuventude, que habitualmente colaboran coa mo-

cidade na presentación dos seus proxectos. E tamén responsables de asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas, estudantes e outros colectivos interesados nos programas de participación xuvenil.

Como consecuencia da 'Incubadora de proxectos', agárdase que se poidan consolidar tales programas como actividades de aprendizaxe non formal. A xente nova que acudiu ten agora unha maior capacidade para levar adiante propostas coas que estimular a creatividade e o espírito emprendedor.

De feito, nos foros de encontro incidíuse especialmente nos programas Erasmus+, Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil e Galeuropa, centrados na educación sen fronteiras, o protagonismo xuvenil en proxectos sociais, a incorporación dos mozos e mozas a actividades altruístas e a mobilidade.





‘Vincent’ foi producido con 150 euros, algo do que estamos moi orgullosos”

● Entrevista a Alfonso Rivera, director de Farsantes, gañadores do Xuventude Crea de teatro

- É ‘Vincent’ un intento de facerlle xustiza a unha personaxe como Van Gogh?

- Utilizamos a personaxe de **Van Gogh** como punto de partida, xa que pensamos que é unha das personalidades do século XX máis representativas das artes plásticas. E tamén porque a súa biografía foi moi da man da arte. Como figura, como personaxe, pensamos que é apaixonante porque ten moitas luces e moitas sombras nas que indagar.

- **Estamos ante unha reconstrución biográfica ou a súa vida é un punto de partida para desenvolver unha trama máis xeral?**

- O espectáculo parte do momento en que Vincent se suicida. Ao desaparecer no estómago, o seu irmán vén correndo a despedirse del. Neses intre, manteñen unha conversación na que fan un *delirium tremens*, que parte de cando nace Vincent.

O primeiro fillo do matrimonio Van Gogh chamárase Vincent, pero morreu no parto. Exactamente un ano despois, xusto aos 365 días, nace o segundo fillo, que volven chamar Vincent. É o pintor, o noso protagonista. Aí xa comeza a historia. É un



Gran parte da peza teatral aséntase na expresión corporal

feito biográfico da historia do pintor e nós facemos a traxectoria ao longo do seu percorrido vital, desde que comeza a ser predicador, porque ten unha gran fe relixiosa pero é expulsado da comunidade eclesiástica. Despois nos seus comezos como pintor da escola holandesa. Logo aban-

dona todo iso e marcha a París, onde coñece todo o movemento vangardista: os impresionistas do momento como **Paul Gauguin** ou **Henri de Toulouse-Lautrec**. E despois tamén vemos como ten as súas crises psicolóxicas e é internado no psiquiátrico, que é unha etapa na que

pinta moitísimo. Un dos seus últimos cadros é ‘Trigal con corvos’, no que vaticina o suicidio que vai cometer.

Ese é o final do espectáculo, a morte en brazos de seu irmán, Teo, co que intercambiou toda a correspondencia e o que fai o narrador ao longo da obra. Entón, é unha obra que narra a biografía do pintor, pero obviamente é unha homenaxe feita desde un teatro moi corporal, moi plástico, con proxeccións e cunha linguaxe escénica moi poética.

- **A utilización e recursos escénicos, materiais, é limitada. Báseanse máis no traballo dos actores. Entra aí o que chaman teatro físico?**

- Falamos de teatro físico como unha expresión que vén xa da Inglaterra dos anos setenta, o **physical theatre**, que apela a todas esas correntes das artes escénicas que non parten dunha obra dramática escrita, dun texto literario. Parten dun traballo de creación colectiva, cun director que exerce de dramaturgo, que escribe a obra segundo vai propondo as dinámicas, a improvisación... para xerar os materiais escénicos. Neste caso, os recursos ma-



teriais de que dispón o espectáculo son poucos. 'Vincent' foi producido con 150 euros, algo do que estamos moi orgullosos. Unicamente fixemos un panel de cor branca sobre o que vai unha saba branca, que é onde nós proxectamos as distintas imaxes dos cadros que está pintando e que cobran vida. Como? Pois a saba cae ao chan e de aí os actores saen para



darlle corpo ás imaxes que están nos cadros. Entón, fan cadros vivintes na escena.

Así que os recursos materiais foron moi poucos e chamámoslle teatro físico principalmente porque o texto é moi curto para o que adoita ser un espectáculo de hora e media. A maior parte da linguaxe é corporal, baseado en técnicas de mimo cor-

poral dramático e outras que fan un corpo estilizado, cunha gran proxección e suspensión. É un traballo de utilización do corpo.

- Requiriu entón moitísimo ensaio...

- O cronograma de ensaio foron seis semanas de traballo a tempo completo, arredor de catro ou cinco horas de adestramento diario.

- Como resultou a experiencia de presentar a obra ante o público, como premio do concurso Xuventude Crea?

- Ese día foi unha das mellores funcións que fixemos co espectáculo 'Vincent'. Xa o presentáramos anteriormente en Vigo, na **Escola Superior de Arte Dramática**, que foi onde xurdiu este proxecto. E despois

tiñamos feita algunha proxección máis, como no auditorio municipal de Vigo, e estivemos invitados na Real Escuela Superior de Arte Dramático en Madrid, con varias funcións. Pero a que fixemos en Outes, como premio Xuventude Crea, foi case perfecta, porque os actores estaban moi concentrados, moi conectados entre eles. Non tivemos aí ningún fallo de texto, que case sempre adoita haber algún, nin tampouco despistes co vestiario.

- Falando nun ámbito máis xeral... hai suficiente afección polo teatro en Galicia? Cre que á xuventude lle interesa?

- É unha pregunta moi complexa porque penso que en Galicia hai compañías profesionais e hai teatro afeccionado, e ambos os dous campos están aínda desenvolvéndose. Tiñamos un tecido interesante de industria cultural, que non está nada mal pero que aínda ten moito que facer. Temos que promover moito máis as creacións contemporáneas e tamén a estabilidade dos artistas que buscan facerse un nicho profesional. E tamén facilitar acceder ás salas en boas condicións, que as porcentaxes de taquilla e de impostos non se disparen ata facer inviable unha produción teatral. Penso que o panorama non está mal, hai un tramo xa percorrido, pero aínda temos un longo camiño por desenvolver.

- Os Farsantes Teatro é unha compañía profesional ou de afeccionados?

- É unha compañía totalmente



amateur, no sentido de que foi creada dentro da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, cun continxente formado por alumnos e dirixidos por min, o profesor Alfonso Rivera. Todos eles son rapaces de vinte e tantos anos, estudantes que de pronto fixeron este proxecto comigo e que despois intentamos darlle un pouco de visibilidade, movelo, grazas tamén aos bos resultados acadados entre o público.

- Teñen un proxecto novo. Pode adiantarnos algo?

- Acabamos de estrear '**Siddhartha**', a partir da novela de Hermann Hesse, que conta a vida do príncipe que remata iluminándose e converténdose en Buda.



“Os temas non os decido eu, a vida vaime levando por eles”

● Sofía Espiñeira, gañadora do Certame de Canción de Autor en Galego

- **A moza Sofía Espiñeira, murgadesa afincada en Santiago, é a gañadora do Certame de Canción de Autor en Galego. Non só engaiolou ao xurado, senón que tamén recibiu o premio do público á mellor artista. Cal che agrada máis recibir?**

- Os dous agrádanme moito. O premio do xurado implica gravar un EP (*Extended Play*), que é algo do que tiña moitas ganas e co que proximamente nos poremos a traballar. Ilusionoume especialmente por todo o que conleva, pero para min os dous premios son algo importante, son recoñecementos que me gustan.

- **Desde o xurado explicaron a decisión en que soubeches “tocar un instrumento, a guitarra, e ao mesmo tempo fuches quen de focalizar a atención na túa voz”. Que reflexión che suscita este comentario?**

- No certame podía participar xente cun músico que acompañase cun instrumento. Eu toquei soa, e cando me dixeron iso, e cando o lin, deime conta do valor que chega a ter ir aprendendo as dúas cousas á vez, que para min xa están integradas

desde sempre. Si sentín que lle daban importancia a que tocase un instrumento, ademais de facer as letras e cantar. O conxunto do cantautor.

- **A eterna cuestión... Consideras a canción de autor un xénero ou conflúen demasiados estilos nela para tal clasificación?**

- É moi difícil, non sei responder a esa cuestión. Non mo preguntei nunca, ademais. Supoño que seguramente todos temos metida na cabeza a canción de autor como un estilo, pero realmente pode haber milleiros de estilos. Iso tamén foi o bonito do certame: ver como alguén se achega máis ao rap, outra persoa se movía noutra onda... Para min, resulta un indicativo de que é algo creado pola persoa que interpreta.

- **O tópico lévanos a pensar nun Serrat, un Aute... e iso parece que incluso condiciona as temáticas, cando en realidade se pode falar sobre calquera cousa sen deixar de ser canción de autor. Cales son as túas temáticas predilectas?**

- Son temas que case non decido, son asuntos que me vai levando a vida por eles porque son cousas que

estou vivindo nese momento. Entón, sempre tenden a ser un pouco intimistas, que pasa moito nas cancións de autor. Pero tamén outras cousas son máis simpáticas ou nacen a partir dunha anécdota. Están todas relacionadas co que vou vivindo, ou coa xente que coñezo, sentimentos propios ou cercanos.

- **O futuro da canción de autor, ou xa o presente, está no directo ou aínda as gravacións teñen o seu interese?**

- Poden ser mundos moi diferentes. O directo ten a forza e a sinxeleza. Moitas veces, a persoa cun instrumento transmite unha cousa e a gravación pode ter outros detalles que lle dan algo diferente. As dúas opcións son interesantes, pero diferentes.

No disco podes meter outras cousas, algunha voz e algún instrumento a maiores, e entón podes darlles outro matiz ás cancións. Non ten por que ser só o instrumento e a voz. Claro está que, en comparación, se gravas só a voz e o instrumento, o directo dáche máis forza. A música en vivo sempre transmite máis forza e máis sentimento.



Foto: Juan Luís Rúa

Sofía Espiñeira, actuando

- **Que che gusta facer nos directos para transmitir esa forza?**

- Creo que se trata de transmitir a verdade do que fas, como calquera outra cousa, contarlle á xente por que saíu esa letra. Como é algo composto por min mesma, sempre hai unha verdade detrás que dalgunha maneira sempre chega.

- **Estás iniciándote na música tradicional. Vai haber algunha incursión nese eido pronto?**

- Estou aínda na fase de aprendizaxe, coa pandeireta. Pero por que non? Todos os instrumentos son bos compañeiros para crear cancións.



Terbutalina triunfa nos premios da música independente

● Mellor álbum galego, nunha edición dos MIN que levou de novo a Vetusta Morla ata o máis alto

Os premios da Música Independente **MIN 2015** xa deron o seu veredicto. E entre os aspirantes galegos o que mellor parado saíu foi **Terbutalina**, que se fixo co premio ao mellor álbum en galego, por **'A muerte'**, aínda que polo título puidese parecer que o idioma galego non está moi presente.

O grupo afirma que "estamos inmensamente agradecidos a toda a xente que nos votou, e por suposto tamén queremos agradecerllo a toda a xente que escoitou, descargou, compartiu e bailou co disco, que é para o que realmente nos rompemos a cabeza, os pulmóns e os brazos día si e día tamén".

O quinteto, que se caracteriza por pezas breves e punzantes e por un humor a miúdo difícil de dixerir, creouse en 2010. Os seus integrantes proviñan por aquel entón de diferentes proxectos musicais, uns estancados e outros esmorecendo. Migui fai de voz principal e guitarra,

Mon está coa outra guitarra e voces, Samu ao baixo e nas voces, Brais no teclado e voces, e Carlos na batería.

'A muerte' é o sétimo traballo discográfico dos Terbutalina, con dez temas dispoñibles en **descarga gratuita**. Con el, aspiraban tamén aos premios a mellor artista, álbum do ano, canción do ano, mellor directo, mellor videoclip e mellor álbum de rock.

Non obstante, a competencia nestes MIN 2015 foi moi intensa e a música independente, que representa ata o 80 % das novidades que se publican en España, demostrou outra vez a súa gran variedade e un crecente protagonismo.

Os grandes triunfadores desta edición foron **Vetusta Morla**. Protagonistas desde hai meses co seu álbum **'La Deriva'**, os madrileños recibiron sete galardóns: mellor artista, álbum do ano, canción do ano por **'Fuego'**, mellor directo, mellor produción musical, mellor deseño gráfico e mellor



Foto: Wilma Lorenzo (MIN)

Terbutalina, recollendo o seu premio na gala MIN 2015 en Madrid

fotografía promocional. O rapeiro **Rayden** foi o outro aspirante que recibiu máis dun premio nas 26 categorías establecidas, os de mellor videoclip e mellor artista Radio3.

Destacan tamén o premio de mellor artista internacional, para a chilena **Francisca Valenzuela**, e o Premio Mario Pacheco de honra da música independente, que recaeu en **Juan Claudio Cifuentes**. Máis coñecido como 'Cifu', faleceu o pasado mes de marzo e deixou un gran baleiro no eido da crítica musical. Era probablemente o maior especialista de jazz en España, cunha extraordinaria capacidade divulgativa en **radio** e **televisión**.

Os premios da música independente, organizados pola **UFI**, levan entregándose desde 2009, co propósito de darlle pulo á creación, á diversidade e á calidade artística e agrandar a proxección nacional e internacional dos músicos que traballan sen unha gran multinacional discográfica detrás, senón mediante selos de pequeno ou mediano tamaño, impulsados xeralmente por xente nova.


De inscrición libre, os aspirantes do certame pasan unha primeira criba por parte dun xurado profesional, que selecciona cinco finalistas por cada categoría. Os gañadores son escollidos posteriormete polo público, que vota a través da web.

NON O PERDAS

HAVALINA. A CORUÑA.
27 DE XUÑO. MARDI GRAS.



QUIQUE GONZÁLEZ. PONTEVEDRA.
21 DE XUÑO. TEATRO PRINCIPAL.



NON O PERDAS

FERROL

7 de xuño
Viejóvenes
Auditorio de Ferrol

13 de xuño
Al final de la carretera
Teatro Jofre

25 de xuño
Havalina
Súper 8

CALDAS DE REIS

20 de xuño
Festival Cultura Quente
Los Suaves, Rosendo, La Fuga e Novedades Carminha
Carballeira de Caldas

A CORUÑA

5 de xuño
Real Straits
Playa Club

5 de xuño
Nyno Vargas
LeClub

12 de xuño
Iberia Sumergida e L4 Red
Playa Club

13 de xuño
Eric Clapton Show
Mardi Gras

20 de xuño
Melendi
Coliseum

27 de xuño
Havalina
Mardi Gras

10 de xullo
Rueda Fortuna. Tributo a Héroes del Silencio
Mardi Gras

11 de xullo
Pablo Alborán
Coliseum

14 de xullo
Sting
Coliseum

VIGO

4 de xuño
The Soul Jacket
A Fábrica de Chocolate

6 de xuño
Aphonnice e Tenpel
Master Club

12 de xuño
Eric Clapton Show
A Iguana

14 de xuño
Motorama

A Fábrica de Chocolate

20 de xuño
Rueda Fortuna. Tributo a Héroes del Silencio
A Iguana

27 de xuño
Tete Novoa e Sexaine
Master Club

11 de xullo
Herdeiros da Crus e Dakidarría
Campo de fútbol de San Cosme

28 de xullo
Melody Gardot
Auditorio Mar de Vigo

MALPICA

25 de xullo
Nordestazo Rock Festival



Los Suaves, Siniestro Total, Sés, Los Chavales, Bala, Silvia Superstar DJ

Porto

VIVEIRO
Resurrection Fest
16 de xullo



Aphonnice, Berri Txarrak, Black Label Society, Cannibal Corpse, Comeback Kid, Dagoba, Darkest Hour, Decapitated, Defeater, Heart of a Coward, In Flames, Jardín de la Croix, Misanthrope, Nasty, Periphery, Poison Idea, Refused, Risk It, Suicide Silence, Syberia e Toundra
Recinto do festival

17 de xullo
7 seconds, Anestesia, Anti Nowhere League, Backyard Babies, Chelsea Grin, Children of Bodom, Dri, Death by Stereo, Deez Nuts, Dr. Living Dead, Expire, Get Dead, Intolerance, Iron Reagan, Kadavar, Moments, Motorhead, Nuclear Assault, Terror, The Exploited, Toxic Holocaust
Recinto do festival

18 de xullo
Adrenalized, Carnifex, Behemoth, Danko Jones, Dark Funeral, Dawn of the Maya, Der Weg Einer Freiheit, Dog eat dog, Fear Factory, Heaven Shall Burn, In Mute, Korn, Mod, Merauder, Moonspell, More than Life, Ne Obliviscaris, No Turning Back, Providence, Satanic Surfers, Skindred, Strung Out
Recinto do festival

OURENSE

4 de xuño
Café Quijano
Auditorio Municipal

5 de xuño
Los Coronas



CAFÉ QUIJANO. OURENSE.
4 DE XUÑO. AUDITORIO MUNICIPAL.



LEIVA. SANTIAGO.
19 DE XUÑO. PAZO DE CONGRESOS.

Sala Berlín

6 de xuño
The Other Side. A Pink Floyd Live Experience
Teatro Principal

6 de xuño
O Home Alfomada
Auditorio Municipal

13 de xuño
Melendi
Pazo dos Deportes

18 de xullo
Santiago Campillo Band
Sala Berlín

SANTIAGO
5 de xuño
The other side. A Pink Floyd Live Experience
Sala Capitol

6 de xuño
Ñu
Sala Capitol

13 de xuño
Jero Romero e Smile
Sala Capitol

19 de xuño
Leiva
Auditorio do Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia

29 de xullo
Mark Knopfler
Multiusos Fontes do Sar

PONTEVEDRA
21 de xuño
Quique González
Teatro Principal

CANGAS DO MORRAZO
13 de xuño
Gansos Rosas
Salason

17 de xullo
Santiago Campillo Band
Salason

CARBALLO
12 de xuño
Rueda Fortuna. Tributo a Héroes del Silencio
Cervexería Dublín

REDONDELA
23 de xullo

Festival SinSal



Centro de interpretación de Rande

BETANZOS
24 de xullo
Rueda Fortuna. Tributo a Héroes del Silencio
Café Lanzos

MELIDE
3 de xullo
Rueda Fortuna. Tributo a Héroes del Silencio
Pub Gatos

NIGRÁN
16 de xullo
Festival Portamérica Rías Baixas



Supersubmarina, Addictive TV, Agoraphobia, Arizona Baby, Eladio y los Seres Queridos, Little Jesus, Mi Capitán, Neuman, Niños Mutantes, Novedades Carminha, Pasajero, Pedrina y Rio, Sensacional, Siniestro Total, The Asteroids Galaxy Tour, The Divine Comedy, The Soul Jacket, Ana Tijoux, Buzzcocks, Calle 13, Is Tropical, Molotov e Xoel López Porto do Molle

LUGO
6 de xuño
Silvia Pérez Cruz
Auditorio Municipal Gustavo Freire

6 de xuño
Disco Las Palmeras
Clavicémbalo

18 de xuño
En clave de fado
Casa do Saber

19, 20 e 21 de xuño



Arde Lucus

VILAGARCÍA DE AROUSA
5 de xuño
Nancho Novo.
El Cavernícola
Auditorio Municipal

13 de xuño
Antonio Seijo e o seu grupo.
Tributo ao Pop.
Salón García



Xuventude Novas - Nº 61 - Maio 2015
© Xunta de Galicia. 2015. Xuventude Novas



EDITA: Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
San Lázaro, s/n - 15781 - Santiago

REDACCIÓN E MAQUETACIÓN: Nós Comunicación
infoxove@noscomunicacion.com

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.
CompartirIgual 3.0
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, faga clic [aquí](#).

CONTACTA CON XUVENTUDE.NOVAS
infoxove@xunta.es

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
San Lázaro s/n - 15781
Santiago de Compostela



XUNTA DE GALICIA